

COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DA CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2014

Acórdase por asentimento:

- i. Aprobar as actas da reunión ordinaria do día 10 de xullo de 2014 e das reunións extraordinarias dos días 23 de xullo e 11 de setembro de 2014, coas modificacións propostas pola Vicedecana de Calidade¹.
- ii. Informar favorablemente a aprobación dun regulamento de réxime interno que regule a composición e o funcionamento da Comisión de coordinación do Grao en Dereito pola Universidade de Vigo das Facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo e a creación dunha Comisión de coordinación do Máster universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo e a elaboración por unha comisión mixta de traballo, se procede, do seu regulamento de réxime interno.
- iii. Validar a solicitude de suspensión temporal do Máster universitario en ITM para o curso 2014-2015 e as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos do estudiantado que se atope cursando eses estudos acordadas pola Comisión Académica do Máster na súa reunión de 15 de setembro de 2014. Asemade acórdase pedir á Comisión Académica do Máster que a suspensión temporal non obste á mellora do título, xerando evidencias de que se está a traballar neste sentido. En concreto, pídesese repensar a titulación do máster, aproveitando as fortalezas do título - coñecemento exhaustivo do perfil dos alumnos de novo ingreso, contacto co sector laboral ao que está dirixido e cadro docente-, co fin de facelo máis atractivo a través da oferta dunha formación complementaria que permita materializar a inserción da oferta formativa do máster en CPE (Continuing Pharmaceutical Education) e favorecer a demanda do título por parte de estudantes da Unión Europea, e mesmo formular a posibilidade dunha revisión máis profunda das competencias por materia e módulo, do seu plan formativo, dos criterios de acceso e admisión, da

¹ As actas poden consultarse na Secretaría do Decanato.

configuración do TFM e da busca de mecanismos que permitan compatibilizar o título coa vida laboral.

- iv. Instar a modificación do Regulamento de Réxime interno da Facultade de Dereito en relación coa composición da Comisión de Garantía da Calidade, solicitando que formen parte da mesma os coordinadores dos títulos que se imparten no centro.
- v. Validar os informes de accións de Coordinación do curso 2013-14 do Grao en Dereito e do Máster Universitario en Avogacía² e aprobar, á luz dos devanditos informes, as propostas de mellora en relación co desenvolvemento das titulacións, que se remitirán aos coordinadores das titulacións. En relación co Máster en Información Técnica do Medicamento, acórdase solicitar á coordinación que presente o informe de accións de Coordinación do curso 2013/2014 con data límite o día 24 de outubro.
- vi. Validar o informe final do Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito do curso 2013/2014 elaborado pola Coordinadora do Grao en Dereito³ e aprobar as seguintes propostas de mellora que se incorporarán ao Plan de Acción Titorial no curso 2014/2015: un protocolo de actuación que estableza, ademais dunha primeira reunión de presentación do PAT aos estudantes, polo menos unha reunión de seguimento por iniciativa do profesorado titor, e cumprimentar o cuestionario de avaliación do grao de satisfacción.
- vii. Revisar os Plans de Acción Titorial das titulacións do Grao en Dereito e do Máster universitario en Avogacía do curso 2014-15 e propoñer que se integren nun documento único que deseñe un Plan de Acción Titorial da Facultade de Dereito, que contemple as especialidades de cada unha destas titulacións así como do Máster universitario en Información Técnica do Medicamento e que inclúa as accións de orientación e acollida ao estudantado de primeiro curso e un curso 3.5 de orientación académica e profesional con información de interese para os alumnos de terceiro.
- viii. Validar a proposta de Plan de promoción do centro⁴.
- ix. Validar a proposta de Plan operativo de información pública e rendemento de contas da Facultade de Dereito que se achegou xunto coa convocatoria⁵.

² Os informes de accións de Coordinación do curso 2013-14 poden consultarse na Secretaría do Decanato.

³ O informe final do PAT pode consultarse na Secretaría do Decanato.


⁴ O Plan de Promoción do Centro pode consultarse na Secretaría do Decanato.

⁵ O Plan operativo de información pública e rendemento de contas pode consultarse na Secretaría do Decanato.

- x. Validar as propostas de anexos IT01 e IT02 vinculados ao procedemento PA07⁶ e revisar as solicitudes de recursos materiais e servizos presentadas -instalacións de puntos de luz nos pasillos oscuros e da electrificación da aula 2.3-.
- xi. Reflexionar sobre os procedementos da aplicación ligados ao PDI e ao PAS e trasladar as súas reflexións aos órganos competentes na materia e, en concreto:
 - a. Trasladar propostas á Reitoría en orde a determinar o procedemento a seguir para a consolidación do profesorado acreditado que se debaterán en futuras reunións da comisión, priorizando, se así o acorda a comisión, ás áreas con menor porcentaxe de funcionarios.
 - b. Instar aos departamentos que verifiquen cos centros as obrigas docentes do profesorado antes de conceder os permisos por asuntos persoais e, no seu caso, cando resulte posible, esixir a recuperación de obrigas docentes.
 - c. Demandar persoal de administración e servizos para o centro con funcións de calidade.
 - d. Propor á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado cursos de interese para o profesorado a ofertar no Programa de Formación Permanente do Profesorado e realizar coa colaboración ou a cargo do centro cursos de formación para o persoal docente e investigador e/ou o persoal de administración e servizos: curso de inglés xurídicos e cursos de maquetación de documentos administrativos en word e pdf e de maquetación, mantemento e actualización de webs da Universidade de Vigo.
- xii. Validar a proposta dun curso de formación para estudantes do centro de todas as titulacións dirixido á elaboración do seu currículo.
- xiii. Incentivar a participación de profesorado e alumnado nas enquisas de satisfacción das titulacións mediante a realización do sorteo dun aproveitamento nun establecemento hostaleiro ourensán entre os participantes.

Ourense, 10 de outubro de 2014

Decanato
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo

A secretaria

Mª Dolores Fernández Fustes

DILIXENCIA para facer constar que o acordo adoptado na reunión extraordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 10 de outubro de 2014 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 14 de outubro de 2014.

A SECRETARIA

Mª Dolores Fernández Fustes

⁶ Os anexos poden consultarse na Secretaría do Decanato.